

9240 *ORDE SCO/1052/2002, do 7 de maio, pola que se modifica o anexo do Real decreto 2107/1996, do 20 de setembro, polo que se establecen as normas de identidade e pureza dos colorantes utilizados nos produtos alimenticios. («BOE» 115, do 14-5-2002.)*

A Directiva 89/107/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre aditivos alimentarios autorizados nos produtos alimenticios destinados ó consumo humano, foi incorporada ó ordenamento xurídico interno polo Real decreto 1111/1991, do 12 de xullo, polo que se modifica a regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios, aprobada polo Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro, e modificada polo Real decreto 1339/1988, do 28 de outubro.

A mencionada Directiva 89/107/CEE incluía as diferentes categorías de aditivos, a regulación das cales se levou a cabo mediante directivas específicas.

Posteriormente a esta adecuación en canto á utilización dos aditivos, facíase necesario establece-los criterios de identidade e pureza para eles.

En canto ós aditivos colorantes regulados mediante a Directiva 94/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño de 1994, incorporada ó noso dereito interno mediante o Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, determináronse criterios de identidade e pureza para os colorantes.

A determinación dos ditos criterios de pureza realizouse, mediante a Directiva 95/45/CE, da Comisión, do 26 de xullo, pola que se establecen os criterios específicos de pureza dos colorantes utilizados nos produtos alimenticios, incorporada ó noso ordenamento interno mediante o Real decreto 2107/1996, do 20 de setembro.

A publicación da Directiva 99/75/CE, da Comisión, do 22 de xullo, pola que se modifica a Directiva 95/45/CE, establece os criterios específicos de pureza de determinados colorantes e a incorporación dos cales á normativa nacional se realizou mediante o Real decreto 1373/2000, do 19 de xullo.

A publicación da Directiva 2001/50/CE, da Comisión, do 3 de xullo, pola que se modifica a Directiva 99/75/CE, establece novos criterios de pureza para determinados colorantes.

Esta orde ten por obxecto a incorporación da mencionada Directiva 2001/50/CE, da Comisión, do 3 de xullo, que modifica os criterios de pureza establecidos no Real decreto 2107/1996, do 20 de setembro, para o beta caroteno, así como os fixados no Real decreto 1373/2000, de xullo, para os carotenos de plantas e de algas. Tamén establece novas normas de identidade e pureza para o colorante beta caroteno de *Blakeslea Trispora*.

Para a fixación destes criterios específicos tivéronse en conta as especificacións e técnicas analíticas que para estes aditivos preparou o Comité Mixto FAO/OMS de Expertos en Aditivos Alimentarios (JECFA). Así mesmo, consultouse o Comité Científico da Alimentación Humana.

Non obstante, calquera aditivo que fose preparado mediante métodos de produción ou con materias primas, significativamente diferentes dos incluídos na avaliación do Comité Científico da Alimentación Humana, ou distintos dos mencionados nesta orde, deberase someter ó dito comité para a avaliación da súa seguridade, facendo especial fincapé nos criterios de pureza.

As medidas previstas nesta disposición axústanse ó dictame do Comité Permanente de Productos Alimenticios.

Esta orde dítase en uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira do Real decreto 2107/1996.

Na súa virtude, oídos os sectores afectados e logo de informe preceptivo da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, dispoño:

Artigo único. *Obxecto.*

O anexo do Real decreto 2107/1996, do 20 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

«1) Substitúense no anexo do Real decreto 2107/1996, segundo a redacción dada a este polo Real decreto 1373/2000, do 19 de xullo, os criterios de identidade e pureza dos aditivos colorantes: "Carotenos de plantas" e "Carotenos de algas", así como o aditivo colorante "Beta Caroteno", polos contidos no anexo desta orde.

2) Incorporáranse, no anexo do Real decreto 2107/1996, aprobándose, as normas de identidade e pureza para o colorante "Beta-Caroteno de *Blakeslea Trispora*", contidas no anexo desta disposición.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de maio de 2002.

VILLALOBOS TALERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA

9241 *REAL DECRETO 385/2002, do 26 de abril, polo que se modifica o Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica. («BOE» 115, do 14-5-2002.)*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, introduciu mecanismos de competencia no seu funcionamento, a aplicación dos cales esixía, de modo necesario, a implantación dun sistema de medidas homoxéneo e efectivo dos tránsitos de enerxía entre as diversas actividades eléctricas.

O Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, establece as características do sistema de medidas, dos equipos dos sistemas e protocolos de comunicacións, e demais procedementos necesarios para o correcto funcionamento do proceso de medidas.

Tamén, no mesmo real decreto, se habilitaba o Ministerio de Industria e Enerxía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, a que se dictasen as instrucións técnicas complementarias e demais disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación do regulamento.

O Real decreto 557/2000, do 27 de abril, de reestructuración dos departamentos ministeriais, atribuíulle ó Ministerio de Economía estas competencias na materia, anteriormente atribuídas ó Ministerio de Industria e Enerxía, exercéndoas conforme establece o Real decre-

to 1371/2000, do 19 de xullo, polo que se modifica e desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía, a través da Secretaría de Estado de Economía, da Enerxía e da Pequena e Mediana Empresa, na que se integra a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O tempo de entrada en vigor do Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, os consumidores cualificados debían acreditar un consumo superior ós 15 GWh/ano.

Posteriormente, o Real decreto 2820/1998 incrementa a liberalización do sector, ampliando o número de consumidores, de tal forma que, o primeiro de outubro de 1999, son consumidores cualificados aqueles cun consumo que supera 1 GWh/ano.

O proceso de liberalización continuou co Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, ó amparo do cal tódolos consumidores conectados á rede a tensións iguais ou superiores a 1kV pasaron a ser cualificados a partir de xullo de 2000.

O horizonte actual da liberalización, emporiso, vén determinado polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, ó establecer que a partir do 1 de xaneiro do ano 2003 tódolos consumidores de enerxía eléctrica terán a consideración de consumidores cualificados.

O feito de que se avansase notablemente no proceso de liberalización do mercado eléctrico leva a que se incrementase considerablemente o número de consumidores. Se se ten en conta que os consumos que realizan son moito menores, faise preciso modifica-los requisitos que se fixan ós equipos de medida, adaptándoos ás súas necesidades e características concretas. Si a isto se une que o gran número de consumidores cualificados podería colapsa-los procedementos concibidos nun principio para un número pequeno de usuarios de gran consumo, faise necesaria a modificación do Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro.

Por outro lado, o Real decreto 1164/2001, do 26 de outubro, modificou a estrutura das tarifas de acceso anterior, establecendo unha nova estrutura máis en liña coa de prezos e medidas que require o marco de liberalización da subministración desde o 1 de xullo de 2000 e o do futuro 1 de xaneiro de 2003.

Isto significa que os datos necesarios para a nova determinación da tarifa de acceso non poidan determinarse, na maioría dos casos, empregando os equipos de medida e control existentes antes da entrada en vigor do Real decreto 2820/1998.

Por iso, para permiti-lo exercicio da liberdade de elección dos novos consumidores cualificados e facer posible a integración nun só equipo e un único proceso dos datos necesarios para a liquidación da enerxía e das tarifas de acceso, faise preciso modifica-lo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, mantendo no fundamental o seu articulado, e facendo nel só as reformas imprescindibles para conseguila evolución do sistema de medidas.

O título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, establece un cadro xeral de infraccións que, para facer posible a aplicación de sancións por incumprimento do Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, requiren unha concreta especificación das conductas infractoras.

Por último, neste real decreto introdúcense igualmente outras modificacións do réxime xurídico establecido no Real decreto 2018/1997, tendo en conta a experiencia na súa aplicación desde a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2002,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, aprobado polo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro.*

Engádesse o artigo 30 e dáselles nova redacción ós artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 13, 15, 16, 17, 18, 20, 22, 23, 26, 27 e 29 do Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, aprobado polo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, que quedan redactados como segue:

«Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é a regulación das condicións de funcionamento do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, dos equipos que o integran e das súas características, con obxecto de garanti-la correcta xestión técnica do sistema eléctrico e a obtención dos datos requiridos para a liquidación da enerxía e servicios asociados, así como para o cálculo da tarifa de acceso, en aplicación do réxime económico das actividades do dito sistema.

2. O sistema de medidas poderase utilizar para controla-los parámetros relativos á calidade do servizo eléctrico nos puntos de medida tipo 1 e 2, de acordo coas normas que sexan de aplicación e as relacións contractuais establecidas entre os suxeitos e axentes do sistema eléctrico nacional.

3. Nos puntos de medida tipo 3, o responsable do punto de medida poderá, optativamente e pola súa conta, instalar equipos de medida que, ademais de cumprir cos requisitos esixibles, incorporen rexistro de medida de incidencias de calidade do servizo, conforme se determine nas correspondentes instrucións técnicas complementarias, e de acordo co previsto no artigo 104.4 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Os preceptos contidos neste regulamento serán de aplicación ó sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, composto polos equipos de medida situados nos puntos fronteira entre as actividades de xeración, transporte e distribución, nos límites das zonas de distribución e zonas de transporte de diferente titular, nas interconexións internacionais e no punto de conexión dos consumidores cualificados que adquiren a enerxía mediante tarifas non reguladas (en diante, clientes); polos equipos de comunicacións e polos sistemas informáticos que permitan a obtención e tratamento da información de medidas eléctricas. Para efectos da aplicación deste regulamento, ós produtores do réxime especial seralles de aplicación con carácter xeral o disposto para centrais de xeración, coas excepcións previstas no artigo 10 do Real decreto 1663/2000, do 29 de setembro, sobre conexión de instalacións fotovoltaicas á rede de baixa tensión.

Artigo 3. *Definicións.*

1. Fronteiras da rede: para os efectos deste regulamento, terán a consideración de punto fronteira da rede:

a) O punto de conexión de xeradores tanto en réxime ordinario como en réxime especial e clientes cualificados coas redes de transporte ou distribución. Constitúe unha única fronteira de xeración-consumo o punto de conexión coa rede de

distribución das instalacións en réxime especial incluídos, cando existan, os consumos eléctricos das instalacións que aproveitan a calor útil xerada e outras subministracións previstas na lexislación específica.

b) Os puntos de conexión da rede de transporte coa de distribución.

c) Os puntos de conexión de instalacións de transporte propiedade dunha empresa con instalacións de transporte propiedade doutra empresa distinta.

d) Os puntos de conexión de instalacións de distribución propiedade dunha empresa con instalacións de distribución propiedade doutra empresa distinta.

e) Os puntos de conexión de instalacións de distribución dunha zona coas instalacións doutra zona distinta. A definición de zonas de distribución será a que se establece no artigo 39 do Real decreto 1955/2000, de 1 de decembro.

f) As interconexións internacionais.

2. Punto de medida: o lugar concreto da rede onde se conectan os equipos de medida, de forma que a enerxía rexistrada corresponde á enerxía circulada polo dito punto. As instrucións técnicas complementarias determinarán as fronteiras nas que é necesaria esta instalación.

3. Participantes na medida: os titulares das instalacións a ámbolos lados da fronteira de rede onde se sitúa un punto de medida, así como o encargado da lectura, os comercializadores e outros suxeitos que, sen teren instalacións, establecesen contratos de compravenda de enerxía eléctrica nese punto. Tamén se considerará como participante sen interese económico o operador do sistema.

4. Sistema de medidas do sistema eléctrico nacional: conxunto composto polos seguintes elementos, incluído en cada caso o seu "software" correspondente:

a) As instalacións e equipos de medida eléctrica.

b) Os sistemas de comunicacións para a lectura remota da información, cando existan.

c) Os sistemas de tratamento da medida do sistema eléctrico nacional, formados polo concentrador principal de medidas eléctricas e os concentradores secundarios.

d) Os terminais portátiles de lectura (TPL).

5. Verificador de medidas eléctricas: entidade autorizada pola Administración competente, para realiza-las funcións que se determinen, especialmente as de verificación en orixe e sistemáticas, nos equipos e puntos de medida tipo 1, 2 e 3. Estas funcións incluírán as de inspección e verificación da instalación de puntos de medida e os seus equipos asociados, e poderán incluí-las de parametrización e precintaxe baixo as circunstancias e condicións previstas nas instrucións técnicas complementarias. Os requisitos e condicións esixibles a estas entidades para a súa autorización serán establecidos mediante orde ministerial por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, logo de informe do Centro Español de Metroloxía e do operador do sistema. O verificador de medidas eléctricas será unha entidade sen interese económico na medida, debendo ser independente dos participantes con interese económico no punto de medida. Os fabricantes e importadores poderán ser autorizados para a realización da verificación en orixe, cando cumpran os requisitos esixibles. Nembargantes, para tódolos puntos fronteira coa rede de trans-

porte e as conexións internacionais, esta entidade só poderá se-lo operador do sistema.

6. Encargado da lectura: entidade responsable de realiza-la lectura, xa sexa en modo local ou remoto, así como outras funcións asociadas, para os puntos de medida tipo 1, 2 e 3, co alcance e condicións que en cada caso se determine nas instrucións técnicas complementarias.

A actividade e funcións do encargado da lectura poderán ser exercidas directamente polo seu titular, ou ben este poderá optar por executalas mediante entidades autorizadas para o efecto pola Administración competente, ou con medios non directamente vinculados co dito titular.

Nembargantes, o titular continuará sendo plenamente responsable do cumprimento das obrigas e do exercicio dos dereitos que legalmente lle corresponden ó encargado da lectura.

O ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, establecerá os requisitos e condicións esixibles para obte-la mencionada autorización para actuar como encargado da lectura, que será outorgada polas comunidades autónomas con competencia na materia, cando a actividade se pretenda exercer tan só no ámbito territorial da dita comunidade autónoma ou pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas cando abarque territorios de máis dunha comunidade autónoma.

Son encargados da lectura para tódolos tipos de punto de medida:

1.º Puntos fronteira de clientes cualificados:

a) A empresa distribuidora é o encargado da lectura en relación cos datos requiridos para a facturación das tarifas de acceso, así como da enerxía que teña que se liquidar no mercado.

A lectura dos datos requiridos para liquidar a enerxía no mercado poderá dar lugar a un prezo regulado por real decreto, o cal será aboado pola empresa comercializadora cando tome os ditos datos do distribuidor, ou directamente polo cliente, cando este non compre a enerxía mediante comercializadora.

b) Cando o cliente adquira a enerxía mediante comercializadora, a empresa de distribución porá ó dispor da empresa comercializadora os datos requiridos para a liquidación da enerxía no mercado. A empresa comercializadora queda obrigada a efectua-la lectura dos datos para a liquidación no mercado da enerxía subministrada ó seu cliente, debendo ler estes consumos directamente dos equipos do seu cliente, caso en que asumirá tódolos custos da dita lectura, ou ben os tomará do concentrador secundario da empresa de distribución, e neste caso correrán pola súa conta os custos de comunicacións co dito concentrador.

c) A empresa comercializadora é responsable subsidiaria en relación cos datos e procesos requiridos para a liquidación no mercado, da enerxía subministrada ó seu cliente cualificado.

2.º Outros puntos fronteira:

Para o resto de puntos fronteira, o encargado da lectura será o operador do sistema.

7. Instalación e equipos de medida: o conxunto formado polos transformadores de medida, o cableado, contadores, relés auxiliares, equipos de tratamento e almacenamento local da información (en diante, rexistrador), o "software" e todo o equipo auxiliar necesario para garanti-la obtención da medida co grao de precisión adecuado.

8. Sistema de comunicacións: conxunto de medios físicos e de "software", incluído o módem, que permiten transmitir ou recibila información da medida a distancia por medio de calquera soporte.

9. Concentrador principal de medidas eléctricas: sistema de información que recolle de forma centralizada as medidas do sistema eléctrico nacional. Estas medidas poden chegar ó concentrador principal procedentes directamente dos equipos de medida que así se determine ou dos concentradores secundarios.

10. Concentradores de medidas secundarios: sistemas de captura e almacenamento e, se é o caso, tratamento das lecturas gardadas nos rexistradores para o seu posterior envío ó concentrador principal, ou a outros concentradores secundarios. Estes poden ser de dous tipos segundo o seu titular sexa o encargado da lectura ou outro axente que, con carácter voluntario, desexe dispoñer dun concentrador secundario para o seu propio uso, segundo se establece nas instrucións técnicas complementarias.

11. Rede de acceso: infraestrutura de comunicacións que inclúe desde o módem do rexistrador ata a entrada ó servidor de comunicacións do concentrador secundario ó que se conecta, e as comunicacións entre concentradores secundarios.

12. Rede troncal: infraestrutura de comunicacións que conecta os concentradores secundarios co concentrador principal, así como a existente desde o dito concentrador principal ata os rexistradores directamente conectados con el.

13. Lectura local: captación sen intervención do sistema de comunicacións dos datos de medida dun rexistrador realizada mediante a ensamblaxe a el dun terminal portátil de lectura (TPL).

14. Lectura remota: captación de datos mediante a intervención dalgún sistema ou canle de comunicación.

15. Lectura visual: captación de datos manual anotando as medidas que reflicta o visor do equipo de medida.

16. Lectura provisional: as lecturas visuais e locais ou remotas obtidas mediante comunicacións que non cumpran os requisitos de integridade definidos nas instrucións técnicas complementarias.

17. Lectura firme: as lecturas remotas obtidas mediante comunicacións que cumpran os requisitos de integridade definidos nas instrucións técnicas complementarias, así como excepcionalmente as lecturas locais naqueles supostos que se definen nas mencionadas instrucións técnicas complementarias de puntos que, debendo lerse en modo remoto, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas autorice por resolución a súa lectura local, tras informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Excepcionalmente, por acordo entre os participantes na medida, as lecturas visuais realizadas directamente polo encargado da lectura poderán te-la consideración de firmes, requiríndose, en todo caso, a aprobación da Comisión Nacional de Enerxía.

Cando o dito encargado da lectura non poida obte-la lectura remota ou cando a dita lectura non poida ser considerada firme, realizarase a lectura local.

Artigo 4. *Tratamento da información.*

O operador do sistema recibirá e realizará o tratamento da información sobre medidas. Para este fin instalará e operará o concentrador principal de medidas eléctricas nas condicións descritas neste

regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias.

Analogamente, os encargados da lectura recibirán e realizarán o tratamento da información que corresponda así como a súa posterior remisión conforme o establecido neste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias. Para este fin instalarán e operarán os concentradores secundarios de medidas asociados ós puntos de medida dos que son encargados da lectura.

Artigo 5. *Determinación dos puntos de medida.*

O responsable do punto de medida establecerá a localización do punto de medida principal que con carácter xeral coincidirá co punto fronteira, aplicando os criterios establecidos nas instrucións técnicas complementarias, sen prexuízo da súa posterior verificación.

Excepcionalmente, logo de acordo dos participantes nunha medida, poderase establecer outro punto de medida principal que difira do punto fronteira, sempre que sexa equivalente ó dito punto fronteira e resulte imposible ou excesivamente custosa a súa normal localización, así como nos casos en que a normativa tarifaria permita a medida nun nivel de tensión diferente. As instrucións técnicas complementarias establecerán os procedementos para a fixación de puntos de medida alternativos e as correccións que se vaian efectuar nas medidas de forma que a medida corrixida poida considerarse igual á que se obtería situando o punto de medida principal no punto fronteira. O outro participante na medida con instalacións eléctricas propondrá con criterios técnicos o punto de medida alternativo e comunicarllo ó resto de participantes no punto de medida. Se nun prazo de trinta días non se reciben obxeccións, entenderase outorgada a conformidade por tódolos participantes ó punto de medida alternativo. En caso de discrepancias, calquera participante na medida poderá somete-lo punto alternativo á consideración do operador do sistema. En caso de persisti-lo desacordo, someterase á Comisión Nacional de Enerxía, a cal resolverá con carácter vinculante informando ó resto de participantes.

Idéntico procedemento se seguirá para a medida redundante e comprobante cando se requira.

Artigo 6. *Clasificación dos puntos de medida.*

A) Son puntos de medida de tipo 1 os seguintes:

a) Puntos situados en calquera fronteira cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 5 GWh.

b) Puntos situados nas fronteiras de clientes cualificados, cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 5 GWh, ou cunha potencia contratada que sexa igual ou superior a 10 MW.

c) Puntos situados nas fronteiras de xeración, cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 5 GWh, ou cunha potencia aparente nominal que sexa igual ou superior a 12 MVA.

B) Son puntos de medida de tipo 2: aqueles que non podendo clasificarse como tipo 1 sexan:

a) Puntos situados en calquera fronteira cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 750 MWh.

b) Puntos situados nas fronteiras de clientes cualificados, cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 750 MWh, ou cunha

potencia contratada que sexa igual ou superior a 1.500 kW.

c) Puntos situados nas fronteiras de xeración, cunha enerxía intercambiada anual que sexa igual ou superior a 750 MWh, ou cunha potencia aparente nominal que sexa igual ou superior a 1.800 kVA.

C) Son puntos de medida de tipo 3 tódolos demais puntos que non poidan clasificarse como tipo 1 nin 2.

Artigo 7. *Confidencialidade da información.*

1. A información obtida pola aplicación deste regulamento ten carácter confidencial. A difusión da información de medidas só poderá facerse con consentimento expreso dos afectados. Non obstante, os participantes recibirán a información que resulte imprescindible para realiza-las súas funcións e poderán obter certificacións da dita información do seu encargado da lectura.

2. Os titulares de concentradores secundarios serán plenamente responsables de garanti-la confidencialidade da información e datos de que dispoñan. Esta responsabilidade non poderá delegarse nin transferirse a terceiros, sen prexuízo de que a propiedade, xestión, explotación ou mantemento do concentrador secundario poida corresponder a outra entidade que non coincida xuridicamente coa titular. Nestes supostos, a entidade titular terá que establecer cos responsables dos puntos de medida os pactos que en cada caso se poidan requirir. En todo caso, o responsable do punto de medida poderá reclamar do encargado da lectura tódolos datos que sobre el dispoña, mesmo en soporte informático.

3. O operador do mercado disporá da información de medidas que lle resulte imprescindible para o desempeño das súas funcións, observará as condicións de confidencialidade, poderá publicar estatísticas e calquera outra información agregada.

4. No exercicio das súas respectivas competencias ou funcións poderán acceder á información de medidas contida no concentrador principal e nos secundarios, o Ministerio de Economía, as comunidades autónomas e a Comisión Nacional de Enerxía.

Artigo 8. *Características dos equipos.*

Para poder instalarse na rede, os equipos de medida terán que responder a un modelo aprobado, de conformidade coa normativa de desenvolvemento da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía. Toda aprobación de modelo efectuada por calquera Administración competente será válida en todo o territorio do Estado, de conformidade co artigo 7.5 da dita Lei 3/1985. Aqueles aparellos para os que non se establecese o Regulamento metroloxíco específico regulando a aprobación de modelo correspondente, requirirán autorización do modelo para o seu uso e instalación na rede.

Corresponderalle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía a autorización do modelo para o seu uso e instalación na rede, cando o tipo de aparello de medida de que se trate se pretenda instalar en máis dunha comunidade autónoma, agás que se trate dun equipo integrado que incorpore elementos que requiran aprobación de modelo.

A existencia de calquera outro control á marxe dos legalmente establecidos será considerada como infracción sancionable conforme o título X

da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

A autorización do modelo para o seu uso e instalación na rede emitiráa a Administración competente. Para os contadores de enerxía activa e de reactiva, así como para os transformadores de medida emitirase en función dun certificado de ensaio de conformidade coa norma UNE ou internacional que en cada caso se establece, expedido por un laboratorio oficialmente autorizado. No caso de non existir norma de aplicación, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía establecerá as condicións e requisitos de ensaio de conformidade esixibles para a súa autorización, por proposta do Centro Español de Metroloxía e logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Para os rexistradores, en tanto non exista norma UNE ou internacional específica, a autorización do modelo para o seu uso e instalación na rede efectuaráa a Administración competente tomando como base unha declaración de conformidade do fabricante ou importador, coa funcionalidade e demais requisitos e condicións esixibles, conforme o Regulamento de puntos de medida, as súas instrucións técnicas complementarias, e demais condicións de seguridade, compatibilidade electromagnética e outras normas de aplicación.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer o procedemento e condicións de comprobación da conformidade dos rexistradores por proposta do operador do sistema e logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía e do Centro Español de Metroloxía.

Cando os contadores estáticos integrais ou combinados incorporen equipos suxeitos a aprobación de modelo, conforme as disposicións de desenvolvemento da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, xunto con equipos ou dispositivos non suxeitos á dita aprobación, estes últimos requirirán autorización do modelo para o seu uso e instalación na rede. Esta autorización será válida en todo o territorio nacional e, neste caso, será outorgada pola mesma Administración que concede a aprobación de modelo do resto do equipo. Os requisitos esixibles para outorga-la dita autorización serán os mesmos que para o mesmo equipo independente e non integrado.

Artigo 9. *Responsables dos puntos de medida.*

1. Serán responsables da instalación de medida e dos seus equipos:

a) A empresa xeradora é responsable da instalación e equipos que miden a enerxía intercambiada coa rede por unha central de xeración.

b) O cliente é o responsable da instalación e equipos que miden o seu consumo.

c) O operador do sistema é o responsable da instalación e equipos que miden a enerxía intercambiada nas interconexións internacionais.

d) A empresa de distribución é a responsable da instalación e equipos que miden a enerxía intercambiada nos puntos fronteira coa rede de transporte.

e) Nos puntos fronteira entre instalacións de transporte de diferente propietario, o responsable do punto de medida será o suxeito que normalmente toma enerxía, agás se é Red Eléctrica de España, caso en que será o outro participante na medida.

f) En tódolos demais casos, a responsabilidade sobre a instalación e equipos de medida corres-

ponderalle ó suxeito que normalmente adquire enerxía.

2. Outras responsabilidades:

a) O responsable dun equipo de medida serao da instalación de medida e do mantemento e operación, sendo ademais responsable de que o equipo e instalación de medida cumpra tódolos requisitos legais establecidos. Iso sen prexuízo de que poida contrata-los diferentes servizos dos que é responsable, podendo mesmo dispoñer de equipos alugados. A responsabilidade alcanza a tódolos custos inherentes ós ditos equipos e instalación de medida, agás para os puntos fronteira de clientes cualificados, ós que lles será de aplicación o previsto nos artigos 3.6.1 e 26 a) deste real decreto respecto ó custo de lectura e comunicacións. Nembargantes, cando se trate de consumidores cualificados, a instalación e conexión dos equipos de medida e a precintaxe da caixa de bornes sempre a realizará o distribuidor, o cal deberá alugar-los ditos equipos ó cliente cualificado, ó prezo legalmente establecido, se así o desexa, e informalmente de que pode, así mesmo, alugalo ó comercializador ou a terceiros, ou ben adquirilo en propiedade.

b) O responsable do equipo de medida serao, igualmente, de poñer a lectura en correctas condicións á disposición do operador do sistema no interface de acceso á rede troncal, para o seu rexistro no concentrador principal de medidas eléctricas nos casos en que sexa o operador do sistema o encargado de realiza-la lectura, sendo igualmente responsable de facilita-la captación da lectura ó operador do sistema, cando a lectura se realice de forma local, segundo se define nas instrucións técnicas complementarias. Analogamente será responsable de poñer a lectura en correctas condicións no interface de acceso á rede do concentrador secundario, no caso de que se efectúe a lectura remota mediante un concentrador secundario.

No caso de consumidores cualificados, as responsabilidades definidas neste parágrafo b) recaerán no seu encargado da lectura.

c) Nos puntos de medida tipo 1, 2 e 3 que non sexan fronteira de cliente, o responsable do equipo de medida asumirá o custo de lectura. As comunicacións serán da súa responsabilidade e ó seu cargo tanto o custo fixo da liña como o custo de chamada. Efectuarase a lectura remota de todos estes puntos de medida e só se poderá ler en modo local cando a lectura remota non sexa posible por causas debidamente xustificadas e logo de autorización por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía.

Nestes puntos, o responsable dun equipo de medida poderá elixir que a súa conexión ó concentrador do seu encargado da lectura sexa directa ou vía outro concentrador secundario, debendo, neste caso, obter a conformidade do seu encargado de lectura.

Nas fronteiras de cliente, a responsabilidade das comunicacións corresponde ó encargado da lectura, así como o seu custo, tanto o custo fixo da liña como o custo de chamada. Para os puntos tipo 3 de clientes, o seu encargado da lectura determinará se efectúa lectura remota ou local, sen prexuízo de que calquera participante poida, se o desexa e sempre pola súa conta, implanta-los elementos que se requiran para efectua-la lectura remota. Neste caso, o encargado da lectura terá que descontar na facturación do cliente o custo que iso lle evitase.

d) O responsable dun equipo de medida ou, se é o caso, o propietario da instalación de rede onde este se instale, deberá garanti-lo acceso físico a el do operador do sistema, do verificador de medidas eléctricas, do encargado da lectura, dos demais participantes na medida, da Comisión Nacional de Enerxía e das administracións competentes, en condicións adecuadas para a realización dos traballos de lectura, comprobación, verificación e inspección, se é o caso.

3. Os encargados da lectura manterán un inventario actualizado dos puntos fronteira e puntos de medida que lles correspondan como tales encargados da lectura. No mesmo incluírán os equipos de medida e os seus responsables. Para a inclusión no inventario e posta en servizo dun equipo de medida, este deberá cumprir-los requisitos esixidos polo presente regulamento e demais disposicións vixentes na materia. O encargado da lectura velará polo cumprimento do previsto neste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias, debendo poñer en coñecemento do operador do sistema ou, se é o caso, da Comisión Nacional de Enerxía calquera irregularidade observada.

4. Cada punto de medida disporá dun código de identificación que será único, permanente e inequívoco en todo o sistema de medidas do sistema eléctrico nacional. Este código será asignado polo seu encargado da lectura conforme o procedemento de asignación de códigos que estableza o operador do sistema. O procedemento garantizará a irrepetibilidade e identificación inequívoca do punto de medida, así como un formato común que permita o seu tratamento informático masivo.

5. O operador do sistema é o responsable do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, debendo velar polo seu bo funcionamento e correcta xestión. Para estes efectos, o operador do sistema, logo de informe da Comisión Nacional de Enerxía, proporalle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas un procedemento de comprobación dos procesos de lectura e tratamento da información, co obxecto de determina-lo correcto funcionamento do sistema de medidas. No uso das súas atribucións, poderá verificar e inspeccionar tódalas instalacións do sistema de medidas de conformidade con este regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias.

Artigo 10. *Seguridade e acceso á información.*

1. As instrucións técnicas complementarias establecerán:

a) As condicións de acceso á información e as medidas de seguridade dos equipos de medida.

b) A forma en que cada participante na medida poida acceder directamente ós equipos de medida, mediante comunicacións, terminal portátil que se lle conecte ou mediante lectura visual. Calquera participante na medida ten dereito a acceder directamente á lectura dos equipos de medida e comprobación da súa programación, en relación cos datos que lle correspondan, de acordo coas restricións de acceso que se establezan.

2. Os responsables dos equipos deberánlles facilitar ós encargados da lectura os programas informáticos e as claves necesarias para realiza-la lectura local e, nos casos en que existan comunicacións, deberán facilita-los programas informáticos e as claves necesarias para realiza-la lectura remota, así como outras claves que se poidan requirir para outras operacións, de acordo coa función de cada suxeito.

A carga de claves e a programación do rexistrador só poderán ser efectuadas polo encargado da lectura ou, na súa ausencia, cando se superen os prazos legalmente establecidos, polo verificador de medidas eléctricas e conforme coas condicións que se especifiquen nas instrucións técnicas complementarias. Nembargantes, a carga das claves requiridas para a sinatura electrónica só a poderá efectuar unha entidade independente e sen interese económico na medida.

A modificación de parámetros que afecten ó erro de medida só poderá efectuarse en modo local e no transcurso da verificación en orixe ou tras reparación por quen efectúe a verificación correspondente. Os relativos a relacións de transformación ou outros parámetros metrolóxicos externos ó equipo de medida realizáranse no transcurso da primeira verificación quen a efectúe.

As instrucións técnicas complementarias determinarán os requisitos e condicións relativos á precintaxe e desprecintaxe de equipos.

3. Será obrigatorio para tódolos rexistradores instalados na rede, en relación cos datos sobre enerxía que se teña que liquidar no mercado, a identificación do punto de medida a que os devanditos datos corresponden e o garanti-la seguridade e integridade deles mediante o procedemento de sinatura electrónica, segundo se determine nas instrucións técnicas complementarias. Con carácter voluntario, a sinatura electrónica poderá efectuarse conforme o Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 11. *Calibración e verificación das instalacións e equipos de medida.*

Os equipos de medida verifícaranse en orixe e serán sometidos a verificacións sistemáticas xunto con toda a instalación de medidas, trala súa instalación na rede, na forma e prazos que se especifiquen nas instrucións técnicas complementarias. As verificacións sistemáticas serán realizadas polo operador do sistema ou verificador de medidas eléctricas, segundo corresponda. A verificación sistemática comprende a verificación da instalación de medidas e a verificación dos equipos de medida. Na primeira verificación sistemática, cando tódolos equipos de medida dispoñan de verificación en orixe, non se requirirá a verificación dos equipos de medida con equipo patrón, polo que esta verificación da instalación e os seus equipos poderán realizalo o encargado da lectura. Neste caso, calquera participante poderá solicitar que a verificación de calquera equipo se efectúe con equipo patrón por un verificador de medidas eléctricas. Esta verificación con patrón considerase como verificación a pedimento, que se efectuará con carácter adicional á primeira verificación sistemática e simultaneamente con ela. A verificación en orixe efectuarase en xeral antes da instalación do equipo na rede e será de aplicación ós equipos novos e ós usados trala súa reparación, podendo emporiso ser realizada de forma simultánea á súa instalación na rede por un verificador de medidas eléctricas. A Administración competente poderá reclamá-la súa presenza nas verificacións en orixe ou sistemáticas que considere necesario.

As instalacións de medida verifícaranse antes da súa entrada no sistema de medidas de acordo cos procedementos que se establezan nas instrucións técnicas complementarias. Sen prexuízo dos períodos transitorios establecidos, serán requisitos imprescindibles, para dar de alta un punto de medi-

da no sistema de medidas, que superase a dita verificación e dispoña de código de identificación asignado.

Para aqueles equipos para os que se establecese o control da verificación primitiva como desenvolvemento da Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, entenderase que a dita verificación en orixe é complementaria á verificación primitiva.

A verificación en orixe será responsabilidade do verificador de medidas eléctricas que a execute, podendo se-lo fabricante ou importador cando cumpran tódolos requisitos esixibles e estean autorizados para o efecto. O suxeito que realice a verificación en orixe garantirá, mediante precintos identificadores na envolvente, que cada equipo cumpre coa normativa e requisitos esixibles, que responde ó modelo aprobado ou autorizado para o seu uso e instalación na rede, que se axustou a cero de erro nos puntos de axuste de que dispoña, sen prexuízo das incertezas de medida establecidas e erros máximos permitidos, que, en todo caso, estarán estatisticamente centrados en cero, e que, en definitiva, é conforme co presente regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias. Cando este equipo requira verificación primitiva, os precintos da verificación en orixe poderán substituírse polos de verificación primitiva.

Unha vez instalados os equipos de medida na rede polo encargado da lectura, este precintará a caixa de bornes dos equipos de medida e realizará a primeira verificación sistemática, agás se os equipos non dispoñen de verificación en orixe, caso no cal a verificación será efectuada por un verificador de medidas eléctricas. A entidade que realice a verificación coordinará co responsable da instalación de medida a realización da verificación á que poderán asistir tódolos participantes na medida, debendo comunicarlle ó resto de participantes a data de realización desta con antelación suficiente.

Nas verificacións sistemáticas, a caixa de bornes será sempre precintada e desprecintada polo encargado da lectura, agás que este non estea presente, caso en que o verificador de medidas eléctricas terá que desprecintar e impoñe-los seus propios precintos. Nese caso, o encargado da lectura terá que substituí-los ditos precintos polos seus tan pronto como sexa posible.

Os gastos que ocasione a verificación correrán por conta do responsable do punto de medida, que será quen designe ó verificador de medidas eléctricas, entre os que cumpran os requisitos que se establezan e estean autorizados para o efecto, agás os puntos fronteira de conexións internacionais e a rede de transporte, que só poderán ser verificados polo operador do sistema.

Por requirimento do encargado da lectura ou de calquera participante nunha medida poderanse efectuar verificacións por pedimento fóra dos prazos establecidos, segundo se determine nas instrucións técnicas complementarias. Se se supera a verificación realizada por pedimento dalgún participante, os gastos que ocasione a proba correrán por conta de quen a solicitou, e, se non se supera, por conta do responsable do punto de medida. Nestas verificacións por pedimento dalgún participante non será de aplicación a disposición transitoria segunda, punto 2, polo que o verificador de medidas eléctricas, cando se requira, terá que ser en todo caso independente e sen interese económico na medida. Estas verificacións realizaranse co alcance e condicións que se determine nas instrucións técnicas complementarias.

Os elementos encontrados defectuosos durante unha verificación serán obxecto de reparación ou substitución, segundo se indique nas instrucións técnicas complementarias. Esta reparación ou substitución realizarase coa maior brevidade posible, sen superar nunca os prazos que se determinen.

A reparación efectuaráa un reparador inscrito para tal efecto no rexistro de control metrolóxico establecido polo Real decreto 1618/1985, do 11 de setembro. Unha vez reparado, o equipo de medida someterase á verificación en orixe por un verificador de medidas eléctricas ou se non fose posible someterase á primeira verificación sistemática simultaneamente coa súa instalación na rede, debendo realizarse a dita verificación con equipo patrón.

De conformidade co punto 1, novena, do artigo 8 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a Comisión Nacional de Enerxía poderá inspeccionar as instalacións de medida, os seus equipos e as verificacións efectuadas, así como o cumprimento polos verificadores de medidas eléctricas da autorización concedida. Estas inspeccións realizaranse coa colaboración técnica do Centro Español de Metroloxía formando parte dun plan de control de verificacións, podendo requirir, así mesmo, a colaboración do operador do sistema.

As comunidades autónomas con competencia na materia poderán, así mesmo, realizar as inspeccións e verificacións de instalacións e equipos de medida, das verificacións efectuadas, e o cumprimento polos verificadores de medidas eléctricas da autorización concedida.»

«Artigo 13. *Corrección de rexistros de medidas por avarías.*

As avarías dos equipos de medida darán lugar a novos rexistros de medida que poderán conducir a novas liquidacións. Cando sexa posible determinar a data en que se produciu a avaría, as correccións aplicaranse desde esa data. Cando non sexa posible a dita determinación, as correccións non poderán estenderse máis alá dos tres meses anteriores ó pedimento da verificación ou á detección do defecto, respectivamente.

En ningún caso as novas liquidacións darán lugar á modificación das liquidacións efectuadas polo operador do mercado que adquirisen a condición de definitivas. Neste suposto, as liquidacións novas realizaranse de acordo ó que para tal efecto se estableza nas regras de funcionamento do mercado de electricidade, tomando como base o prezo final horario correspondente. Os cobramentos e pagamentos que resulten da devandita liquidación imputaranse ós distribuidores en proporción á enerxía adquirida ou circulada nos últimos seis meses ou, se é o caso, no prazo ó que se refira a liquidación sempre que sexa inferior ó de seis meses.»

«Artigo 15. *Modos de conexión.*

A conexión dun equipo de medida ó concentrador principal poderá ser directa ou a través de calquera concentrador secundario, segundo decida o responsable do equipo de medida, para os puntos tipo 1 e 2. En todo caso, os clientes cualificados conectaranse sempre mediante concentrador secundario. Para tódolos puntos de medida tipo 3, a conexión efectuarase sempre a un concentrador secundario.

Cando se efectúe a lectura local segundo as instrucións técnicas complementarias, a transferencia de información ó concentrador principal rea-

lizarase directamente ou a través dos concentradores secundarios do encargado da lectura, segundo proceda. Adicionalmente poderase realizar a transferencia ó concentrador principal a través dos concentradores secundarios que voluntariamente se instalasen.

Cando a empresa comercializadora dispoña de concentrador secundario, transferiralle ó concentrador principal a información que se determine polas instrucións técnicas complementarias.»

«Artigo 16. *Inventario e características dos equipos de comunicacións.*

O operador do sistema manterá un inventario actualizado dos equipos que conforman o sistema de comunicacións da rede troncal e daqueles outros equipos que proporcionen a garantía de integridade que se estableza nas instrucións técnicas complementarias, con exclusión dos elementos pertencentes a redes públicas de comunicación.

Do mesmo xeito procederán os encargados da lectura respecto das liñas de comunicación conectadas co seu concentrador secundario.

Os equipos de comunicacións deberán estar homologados ou normalizados, segundo proceda, e cumpriran as normas que lles sexan de aplicación sobre seguridade industrial e ordenación das telecomunicacións.

Artigo 17. *Medios e protocolos de comunicación.*

1. O operador do sistema definirá e actualizará os medios e protocolos na rede troncal, as características dos cales se establecerán nas especificacións técnicas do concentrador principal. Na elección dos devanditos medios e protocolos terase en conta o estado da tecnoloxía, a súa evolución e as opinións e intereses dos participantes das medidas.

2. O protocolo utilizado na rede de acceso será único e estándar, segundo se define nas instrucións técnicas complementarias. Nembargantes, os responsables dos equipos de medida e os titulares dos concentradores secundarios poderanlle solicitar ó operador do sistema que incorpore á rede troncal novos medios e protocolos. O operador do sistema procederá á súa incorporación, sempre que as propostas cumpran cos criterios de calidade mínimos para garanti-la funcionalidade e seguridade definidas neste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias. Así mesmo, o titular dun concentrador secundario poderá solicitar ó operador do sistema a utilización de liñas dedicadas xa existentes para comunicación entre ambos, sempre que poidan soportar os novos requirimentos de información e que non sexan incompatibles coas especificacións técnicas que se establezan para o concentrador principal. En calquera caso, o solicitante correrá cos gastos ocasionados pola incorporación da súa proposta á rede troncal.

3. O protocolo utilizado para a lectura local será único e estándar segundo se define nas instrucións técnicas complementarias. Nembargantes, poderase acordar a utilización doutros protocolos con carácter adicional ó que se sinala nas instrucións técnicas complementarias.

4. As instrucións técnicas complementarias poderán establecer restriccións por motivos de seguridade na utilización de medios e protocolos de comunicación.

Artigo 18. *Xestión do sistema de comunicacións.*

1. O operador do sistema será responsable da xestión da rede troncal, instalación dos equipos que correspondan, mantemento e operación das comunicacións correspondentes á citada rede.

2. O responsable dun equipo de medida serao tamén da instalación, mantemento e operación dos equipos de comunicacións necesarios ata a súa conexión á rede troncal ou rede de acceso segundo corresponda, agás no caso de clientes.

3. A xestión da rede de acceso utilizada por un equipo de medida corresponderalle a quen designe o responsable do citado equipo, agás o previsto no punto 4 seguinte.

4. Para os puntos de medida tipo 1 e 2 de clientes e para os puntos de medida tipo 3 de clientes cando o equipo de medida dispoña de comunicacións, estas xestionaraa o encargado da lectura e serán da súa responsabilidade cando o equipo se conecte co seu concentrador secundario. Cando o equipo se conecte con outro concentrador secundario, a xestión e responsabilidade das comunicacións co citado concentrador será do seu propietario. Analogamente, cando o equipo se conecte a un sistema de comunicacións privado, a súa xestión e responsabilidade corresponderalle ó seu titular, recaendo sobre o encargado da lectura a xestión e responsabilidade das comunicacións entre o seu concentrador secundario e o acceso ata o devandito sistema privado.

Todo equipo de medida de cliente que non dispoña de comunicacións deberá estar preparado para poder conecta-los equipos de transmisión, módem e liña que permita a súa lectura en modo remoto.

5. Para o resto de puntos de medida de tipo 3, será de aplicación o disposto para os de tipo 2 en todo o referente a lectura e comunicacións.

6. A xestión, operación e mantemento e os custos derivados do sistema de comunicacións entre concentradores secundarios corresponde a aquel que normalmente recibe a información.»

«Artigo 20. *Instalación, operación e custos.*

A instalación dos concentradores secundarios terá carácter voluntario.

Malia o sinalado no parágrafo anterior, os encargados da lectura deberán instalar concentradores secundarios nos supostos referidos nas instrucións técnicas complementarias, coas características que se sinalan nelas.

Cando unha empresa de distribución adquira habitualmente enerxía eléctrica a través dun ou máis puntos fronteira doutra empresa de distribución, poderase, logo de acordo das partes, subrogar nos seus dereitos e obrigas en relación co establecemento dun concentrador secundario por períodos sucesivos mínimos de cinco anos, na empresa de distribución á que está conectada, ou ben poderá instalar un concentrador secundario compartido con outras empresas de distribución que se encontren en idéntica situación.

Cando existan concentradores secundarios alleos ó concentrador secundario do encargado da lectura, os rexistradores conectados mediante comunicacións co primeiro, terán que ser lidos polo encargado da lectura a través do dito concentrador, sempre que sexa posible e se garantan tódolos requisitos esixibles en relación coas lecturas. O encargado da lectura poderá obter estas directa-

mente deste concentrador secundario ou esixi-lo acceso ata cada rexistrador. En todo caso, o titular do concentrador secundario está obrigado a facilita-lo acceso e todo o que se poida requirir para que o encargado da lectura efectúe adecuadamente as devanditas lecturas. Calquera negativa terá que estar suficientemente xustificada.

O operador do sistema manterá un inventario actualizado de tódolos concentradores secundarios que actúan no sistema de medidas e dos seus titulares. Para a inclusión no inventario e posta en explotación dun concentrador secundario, este deberá cumprir-los requisitos esixidos por este regulamento e polas instrucións técnicas complementarias.

O custo de comunicacións entre concentradores secundarios correrá por conta do suxeito que reciba a información.»

«CAPÍTULO V

Equipamento e funcións do concentrador principal e dos concentradores secundarios

Artigo 22. *Información contida nos concentradores.*

O operador do sistema, como responsable do concentrador principal, recibirá a información co grao de desagregación que establezan as instrucións técnicas complementarias.

O concentrador principal actuará como servidor de datos para os puntos de medida tipo 1, 2 e 3 que non sexan fronteira de cliente. As instrucións técnicas complementarias detallarán a información que deberá conter.

Os concentradores secundarios do encargado da lectura actuarán igualmente como servidores de datos en relación cos puntos de medida a el conectados, debendo recibila información na forma e grao de desagregación que se determine nas instrucións técnicas complementarias.

Artigo 23. *Acceso á información.*

Terán acceso á información do concentrador principal e á dos concentradores secundarios os participantes en cada medida, o operador do sistema, a Comisión Nacional de Enerxía, o Ministerio de Economía e as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

O operador do sistema xestionará o acceso á devandita información, de forma que se garanta a súa confidencialidade, nos termos descritos neste regulamento. Do mesmo xeito procederán os titulares dos concentradores secundarios en relación coa información inherente a el.»

«Artigo 26. *Custos dos servizos.*

1. O custo para a instalación, operación e mantemento do concentrador principal incluírase no custo recoñecido ó operador do sistema. Non se inclúen nos anteriores conceptos os contemplados a continuación neste artigo, polos cales cada suxeito percibirá os ingresos que en cada caso corresponda, polos servizos que efectivamente preste:

a) O custo de comunicacións, tanto de liña como de chamada e lectura, correrá por conta do responsable do equipo de medida, agás no caso de consumidores cualificados, en que corresponderá ó seu encargado da lectura.

b) O custo de comunicacións orixinado polo envío de información desde un concentrador secundario ó principal correrá por conta do responsable do concentrador secundario.

c) O resto de comunicacións orixinado polos servizos ó usuario, segundo se definen nas instrucións técnicas complementarias, correrá por conta do usuario.

d) Os responsables dos equipos de medida que utilicen o servizo de estimación de medidas perdas ou non contrastables aboaranlle ó operador do sistema ou, se é o caso, ó encargado da lectura a cantidade que legalmente se determine.

e) Polos certificados que o operador do sistema ou o encargado da lectura expida coa información de que dispoña sobre unha medida, este facturalle ó petionario a cantidade que legalmente se determine.

f) O custo da verificación das instalacións e equipos dos puntos de medida e da súa parametrización, carga de claves e precintaxe, correrán por conta do responsable dos equipos de medida, que llo aboará á entidade que o execute.

2. Para a facturación destas cantidades envíase sempre relación detallada delas.

Artigo 27. *Diferencias entre medidas firmes.*

Cando as medidas obtidas nunha comprobación dun equipo non coincidan coas medidas firmes que se recibiron no concentrador do encargado da lectura a través de comunicacións, procederase a efectuar unha corrección dos rexistros de medida do período lido que poderá dar lugar a unha nova liquidación do dito período, a partir dos valores obtidos na comprobación, sen que esta poida retrotraerse máis alá dun ano.

Cando nunha comprobación se detecte esta circunstancia, o equipo será obxecto de lectura local coa periodicidade e nos prazos recollidos nas instrucións técnicas complementarias.

A nova liquidación efectuarase de acordo co establecido no artigo 13 deste regulamento.»

«Artigo 29. *Carencia de medida firme nun punto de medida.*

Cando se careza de medidas firmes do equipo principal e de equipos redundantes ou comprobantes, estimarase a medida de enerxía activa de acordo cos procedementos que se indiquen nas instrucións técnicas complementarias.

Durante os períodos en que o responsable do punto de medida poida demostrar que non circulou enerxía, por estaren as súas instalacións desensambladas da rede ou interrompido o servizo, a medida considerarase cero e non intervirá nas estimacións.

O encargado da lectura realizará a estimación das medidas e deberá poñela ó dispor dos participantes na medida segundo os procedementos que establezan as instrucións técnicas complementarias. Se nun prazo de trinta días, o encargado da lectura non recibe obxección ningunha, adoptase como firme a medida estimada. Se existe algunha discrepancia, poderase someter á arbitrase da Comisión Nacional de Enerxía, de conformidade co establecido no artigo 8.1, décima, da Lei 54/1997.

Sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto no título X da Lei 54/1997, do sector eléctrico, cando a carencia de medida firme nun

punto de medida sexa consecuencia do incumprimento da instalación ou equipos de medida dos requisitos establecidos neste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias, e unha vez esgotados os períodos transitorios que correspondan, para efectos de facturación ou liquidación, se é o caso, o resultado da estimación afectarase dun coeficiente positivo ou negativo do 10 por 100 segundo se trate dunha compra ou dunha venda de enerxía.

Artigo 30. *Infraccións.*

De conformidade co título X da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais ou doutra orde que puidesen derivarse, son infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas a continuación:

1. Son infraccións moi graves:

a) O incumprimento das condicións e requisitos aplicables a instalacións do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, de maneira que se poña en perigo manifesto as persoas e os bens.

b) A obtención, utilización ou remisión de datos de medida, cunha calidade ou grao de certeza, inferior ó verdadeiramente dispoñible, e a utilización de medios ou equipos do sistema de medidas, incluído o seu "software", cunha calidade ou prestacións inferiores ás dispoñibles, alterando os procesos de adquisición e liquidación de enerxía ou incumprindo os actos dictados polo operador do sistema ou do mercado.

c) A utilización no sistema de medidas do sistema eléctrico nacional e nas súas instalacións de medida, de instrumentos, aparellos ou elementos suxeitos a seguridade industrial sen cumprilas normas regulamentarias, cando comporten perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente.

d) A negativa a subministrar enerxía eléctrica a novos usuarios que pretendan comezar a exercerlo seu dereito como consumidores cualificados, cando estes reúnan tódolos requisitos relativos a instalacións e equipos de medida e outros legalmente esixibles, así como a negativa a efectuar calquera actuación necesaria para permitirla dita subministración, sen que existan razóns que o xustifiquen.

e) A negativa a admitir verificacións ou inspeccións establecidas no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e as súas disposicións de desenvolvemento, ou a obstrución da súa práctica.

f) A aplicación ós consumidores, de prezos non regulados ou tarifas non autorizadas pola Administración, por prestación de servizos, verificacións ou outras actuacións relativas ó Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e as súas disposicións de desenvolvemento.

g) A aplicación irregular dos prezos máximos ou as tarifas autorizadas, pola execución de funcións ou a prestación dos servizos e verificacións previstos no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica ou as súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo superior ó 15 por 100, incluída a aplicación irregular por verificacións ou servizos non efectuados.

h) O incumprimento das obrigas resultantes da aplicación do sistema tarifario ou dos criterios de

recadación, pola prestación dos servizos e verificacións previstos no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica ou as súas disposicións de desenvolvemento. Para os encargados da lectura e no que corresponda ós comercializadores, especialmente o incumprimento das súas funcións respecto do concentrador do que son titulares, garantía de acceso e confidencialidade da información, datos de inventario e de medida, parametrización, programación, precintaxe, lectura de equipos e relacións con clientes. Para os verificadores de medidas eléctricas, especialmente o incumprimento da súa obriga de executar-las verificacións ou inspeccións conforme a normativa vixente, e as autorizacións concedidas.

i) Calquera actuación que afecte a instalacións eléctricas ou do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, os seus puntos e equipos de medida e a súa parametrización e programación, ou ós datos de medida, a súa lectura, transmisión e tratamento, incluídos balances e correccións, así como ás súas estimacións e agregacións, que supoñan unha alteración porcentual da realidade do subministrado ou consumido superior ó 15 por 100.

j) A negativa, non simplemente ocasional ou illada, a lle facilitar ó organismo en cada caso legalmente previsto a información que se solicite, especialmente no relativo a instalacións ou equipos de medida, datos de medida, a súa lectura, transmisión e tratamento, así como as súas estimacións e agregacións, correccións e balances, información sobre concentradores de medida, datos de inventario, e información sobre verificacións e control contable legalmente establecidos, en relación co Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e as súas disposicións de desenvolvemento.

k) A realización de controis ou verificacións a instalacións e equipos de medida, así como a captación ou utilización de datos de medida ou de inventario, a súa transmisión, difusión ou tratamento, cando as ditas actividades poidan considerarse incompatibles coas do suxeito que as realiza, de acordo co disposto no artigo 14 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica ou noutras disposicións de desenvolvemento. Para os verificadores de medidas eléctricas, especialmente o incumprimento da súa obriga de manterse independente e sen interese económico na medida.

l) O incumprimento habitual das instrucións previstas no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e nas súas disposicións de desenvolvemento, relativas á ampliación, mellora e adaptación do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, os seus concentradores, puntos de medida e instalacións de medida e equipos, incluída a súa carencia e a falta de uso, así como a falta de adecuación ou reparación de equipos de medida e instalacións e puntos de medida, cando se requira trala súa verificación ou avaría, ou sexa consecuencia dun cambio normativo que lles afecte.

m) A negativa inustificada a efectuar actuacións ou exercer funcións previstas no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e as súas disposicións de desenvolvemento, necesarias para o acceso á rede de transporte e distribución.

2. Son infraccións graves as condutas tipificadas anteriores cando, polas circunstancias con-

correntes, non poidan cualificarse de moi graves e, en particular:

a) A negativa, ocasional e illada, a lle facilitar ó organismo en cada caso legalmente previsto, a información que se reclame, especialmente no relativo a instalacións ou equipos de medida, datos de medida, a súa transmisión e tratamento, así como as súas estimacións e agregacións, correccións e balances, información sobre concentradores de medida e datos de inventario, en relación co Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e coas súas disposicións de desenvolvemento.

b) O incumprimento das medidas de seguridade no sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, nas súas instalacións e equipos de medida, mesmo cando non supoñan perigo manifesto para persoas ou bens.

c) A superación inustificada dos prazos legalmente previstos, no comezo da prestación do servizo a novos usuarios que pretendan comezar a exercer-lo seu dereito como consumidores cualificados, cando estes reúnan tódolos requisitos relativos a instalacións e equipos de medida e outros legalmente esixibles, así como a superación inustificada dos prazos legalmente establecidos para efectuar calquera actuación necesaria para a prestación do servizo.

d) O incumprimento das instrucións previstas no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e nas súas disposicións de desenvolvemento, relativas á ampliación, mellora e adaptación do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, os seus concentradores e equipos, incluída a carencia de instalación de medida, e a falta de adecuación ou reparación de equipos e instalacións, cando se requira trala súa verificación ou avaría, ou sexa consecuencia dun cambio normativo que lles afecte.

e) A aplicación irregular dos prezos máximos ou das tarifas autorizadas, pola prestación dos servizos e verificacións previstos no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo superior ó 5 por 100 e inferior ó 15 por 100.

f) Calquera actuación que afecte a instalacións eléctricas ou do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, os seus equipos de medida e á súa parametrización e programación, ou ós datos de medida, a súa lectura, transmisión e tratamento, incluídos balances e correccións, así como as súas estimacións e agregacións, que supoñan unha alteración porcentual da realidade do subministrado ou consumido superior ó 10 por 100.

g) A incorporación de enerxía ó sistema, por parte dos produtores acollidos ó réxime especial, utilizando equipos ou instalacións de medida, que lles permitan rexistrar unha enerxía excedentaria, que difira daquela á que teñen dereito de incorporar ó sistema, segundo a súa lexislación específica.

h) A utilización, por parte dos produtores acollidos ó réxime especial, que conforme a súa lexislación específica unicamente poidan incorporala súa enerxía excedentaria ó sistema, de equipos ou instalacións de medida que determinen a súa retribución, de forma que non se corresponda coa resultante dos saldos instantáneos entre a enerxía cedida á rede xeral e a recibida dela en tódolos puntos de interconexión entre a citada rede xeral e o pro-

ductor-consumidor, o produtor ou o autoxerador, incluídos os consumos eléctricos das instalacións doutras actividades non eléctricas asociadas, consumidoras da calor útil xerada e outros autoconsumos, de conformidade coas condicións establecidas na normativa específica.

i) A superación inxustificada polo operador do mercado, dos prazos legalmente previstos na execución da súa función de liquidación, dispoñendo dos datos de medida requiridos, xa sexan individualizados ou agregados cando corresponda, e do resto de datos necesarios para efectuar a dita liquidación.

j) A falta de comunicación polo operador do sistema ó operador do mercado, no prazo previsto, de datos de medida, ou outros requiridos para a liquidación de enerxía, unha vez expirados os prazos legalmente previstos, que en cada caso sexan de aplicación, a estas e a outras actuacións previas requiridas como lectura dos equipos de medida, a súa transmisión, tratamento e xestión, incluídas a súa agregación, corrección ou estimación cando corresponda, así como a súa transmisión ata o concentrador principal de medidas eléctricas, considerándose en cada caso responsable da infracción, o suxeito que en cada caso superase o prazo previsto para a súa actuación e que dese lugar á falta de comunicación en prazo, do operador do sistema ó operador do mercado, dos datos requiridos para a liquidación.

3. Constitúen infraccións leves, aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia, comprendidos no Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica e nas súas disposicións de desenvolvemento, que non constitúan infracción grave ou moi grave.»

Disposición adicional única. *Prazos de substitución por equipo novo.*

Deberán ser substituídos nos prazos legalmente establecidos en tódolos tipos de puntos de medida os equipos e outros elementos instalados con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica que non cumpran coas especificacións que neste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias se establecen, coa excepción dos equipos de medida que poidan ser utilizados ata a súa substitución por equipo novo, por cumprir os requisitos mínimos esixibles establecidos para os equipos existentes e así se comprobese na correspondente verificación.

Disposición transitoria primeira. *Substitución de equipos xa existentes e fases de implantación para os puntos de medida tipo 3.*

1. Durante o prazo expresado no punto 2 seguinte, para os puntos de medida tipo 3 de clientes cualificados que pretendan comezar a exercer os seus dereitos de acceso, e para os puntos de medida tipo 3 de novas instalacións de distribución e xeración, tanto en réxime ordinario como en réxime especial, será requisito imprescindible, para poder comezar a exercer os ditos dereitos de acceso á rede, dispoñer de equipos con capacidade de rexistro dos datos requiridos para a correcta facturación das tarifas de acceso e rexistro dos valores horarios da enerxía activa e reactiva sen que se requira ningún tipo de estimación da enerxía, mesmo cando os citados equipos non cumpran o resto de requisitos esixibles polo

Regulamento de puntos de medida e as súas instrucións técnicas complementarias.

Cando a lectura local non sexa posible a través do protocolo de comunicacións estándar IEC 870-5-102 adaptado polo operador do sistema, o encargado da lectura poderá requirir da empresa comercializadora ou, se é o caso, do responsable do punto de medida que efectúe a lectura do dito punto de medida como encargado da lectura, asumindo en tal caso os custos que se deriven o responsable do punto de medida.

En todo caso, estes equipos terán que ser substituídos por equipos conformes co Regulamento de puntos de medida e as súas instrucións técnicas complementarias nos prazos establecidos no punto seguinte.

2. Prazos para a adaptación da instalación de medida e substitución de equipos en puntos de medida tipo 3: para a instalación de rexistradores e a substitución de contadores de enerxía activa e reactiva, para os transformadores de medida de tensión e intensidade, e o resto de elementos necesarios para cumprir con tódolos requisitos establecidos no Regulamento de puntos de medida e as súas instrucións técnicas complementarias para os equipos existentes e, se é o caso, os equipos novos, o prazo será dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto e as súas instrucións técnicas complementarias.

3. Os produtores en réxime especial incluídos no Real decreto 2366/1994 ou no Real decreto 2818/1998, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto e as súas instrucións técnicas complementarias, terán que adaptar a localización dos seus puntos de medida e esquema de medida ó previsto neste real decreto e nas súas instrucións técnicas complementarias. Emporiso, os seus equipos de medida substituiranse de acordo cos prazos xerais previstos.

4. Os prazos para que os encargados da lectura realicen as súas funcións e presten os seus servizos de acordo con este regulamento e coas súas instrucións técnicas complementarias coincidirán para cada punto de medida cos prazos de adecuación e substitución de equipos do dito punto de medida.

A inadecuación ou falta de remisión da información que os encargados da lectura deben subministrar ó operador do sistema, só poderá xustificarse en función do incumprimento polo responsable do punto de medida deste regulamento e das súas instrucións técnicas complementarias.

Disposición transitoria segunda. *Verificación de puntos de medida.*

1. Para os puntos de medida tipo 1, 2 e 3, unha vez que se cumpran dentro dos prazos previstos tódolos requisitos establecidos polo Regulamento de puntos de medida e as súas instrucións técnicas complementarias para a instalación de medida e os seus equipos existentes e novos, se é o caso, procederase no prazo de tres meses a realiza-la primeira verificación sistemática de posta en marcha da instalación.

2. Ata o 31 de decembro de 2002, o verificador de medidas eléctricas poderá ser unha entidade autorizada con interese económico na medida ou dependente dalgún dos participantes con interese económico no punto de medida, que só poderá actuar e con carácter supletorio no caso de que o operador do sistema ou un verificador de medidas eléctricas independente manifestase expresamente a súa non dispoñibilidade para realiza-la verificación solicitada. Este prazo poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2007, mediante Orde ministerial, por períodos sucesivos dun ano se as circunstancias así o aconsellan.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera disposición de igual ou menor rango no que se opoña a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

O ministro de Economía, por proposta da Comisión Nacional de Enerxía, dictará instrucións técnicas complementarias adicionais ou de modificación ás xa existentes, así como outras disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento, que permitan a adaptación do sistema de medidas ó modificado no presente articulado.

Anualmente, ou cando circunstancias especiais o aconsellen, logo dos trámites e informes oportunos, o Goberno, mediante Real decreto, procederá á aprobación ou modificación dos prezos máximos por prestación de servizos dos diversos axentes en relación coas actuacións derivadas deste real decreto e normas de desenvolvemento.

Facúltase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para que estableza condicións particulares de aplicación deste regulamento e as súas instrucións técnicas complementarias, para determinados grupos de suxeitos do sistema que presenten características singulares.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

XEFATURA DO ESTADO

9787 *CORRECCIÓN de erros da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.* («BOE» 122, do 22-5-2002.)

Advertidos erros na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 94, primeira columna, na exposición de motivos, I, primeiro parágrafo, antepenúltima liña, onde di: «... dúas disposicións transitorias, dúas disposicións adicionais...», debe dicir: «... seis disposicións transitorias, tres disposicións adicionais...».

Na páxina 95, primeira columna, na exposición de motivos, II, décimo segundo parágrafo, penúltima liña, onde di: «... (artigos 7 ó 17).», debe dicir: «... (artigos 7 ó 16).».

Na páxina 98, primeira columna, no artigo 4.A.c), penúltima liña, onde di: «... punto 1 do artigo 4.», debe dicir: «... punto 1 do artigo 3.».

Na páxina 101, segunda columna, no artigo 7.3, antepenúltima liña, onde di: «... o artigo 16.», debe dicir: «... o artigo 15.».

Na páxina 111, primeira columna, no artigo 45, onde di: «... os artigos 35 a 42...», debe dicir: «... os artigos 35 a 44...».

9848 *LEI ORGÁNICA 3/2002, do 22 de maio, pola que se modifican a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e a Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar, en materia de delitos relativos ó servizo militar e á prestación social substitutoria.* («BOE» 123, do 23-5-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual proceso de profesionalización das Forzas Armadas en que se encontra España permitiu que, desde o 31 de decembro do ano 2001, tanto o cumprimento do servizo militar como a prestación social substitutoria quedasen suspendidos, en virtude dos reais decretos 247/2001, do 9 de marzo, e 342/2001, do 4 de abril, dictados en uso da autorización concedida ó Goberno pola disposición transitoria décimo oitava da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Este cambio transcendental debe te-lo seu inmediato reflexo na normativa penal, sen prexuízo dunha posterior regulación dos supostos de incumprimento das obrigas relativas á participación de tódolos cidadáns na defensa, en consonancia co dereito e o deber establecidos no artigo 30.1 da Constitución.

Por isto, mediante esta lei orgánica déixanse sen contido os artigos 527 e 604 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que tipifican os delitos contra os deberes de cumprimento da prestación social substitutoria e de prestación do servizo militar, hoxe de imposible comisión.

A reforma sería incompleta se non afectase tamén á Lei orgánica 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar. Así, derrógase o seu artigo 119 bis, que castiga o militar de contixente que inxustificadamente se ausentase da súa unidade, destino ou lugar de residencia por máis de quince días ou non se presentase transcorrido este prazo desde o momento en que debeu efectuar a súa incorporación. E tamén se lle dá nova redacción ó seu artigo 120, que tipifica o delito de deserción, que a partir de agora só poderán comete-los militares profesionais e os reservistas incorporados ás unidades, centros ou organismos correspondentes do Ministerio de Defensa.

Finalmente, inclúese unha disposición transitoria coa finalidade de que se revisen as sentencias firmes dictadas en relación coa comisión dos delitos que se despenalizan por esta lei orgánica, e de que se sobresean e arquiven os procedementos penais incoados polos ditos delitos.